



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

RIANXO

Tesourería - Recadación

Aprobación padróns correspondentes a taxa de saneamento de augas residuais, abastecemento de auga potable, conservación acometida, conservación contadores e canon da auga 3º trimestre 2022

Aprobación padróns correspondentes a taxa de saneamento de augas residuais, abastecemento de auga potable, conservación acometida, conservación contadores e canon da auga 3º trimestre 2022.

EXPEDIENTE: 2022/X999/000972

A Xunta de Goberno Local aproba o padrón da taxa de saneamento de augas residuais, o padrón da taxa de abastecemento de auga potable a domicilio e o canon da auga correspondentes ao 3º trimestre de 2022, e as liquidacións deles resultantes.

Os padróns se expoñen ao público para a súa notificación colectiva, de acordo co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, durante o prazo de quince días, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello. Durante este prazo, o expediente estará a disposición dos interesados na oficina de Recadación Municipal.

Contra as liquidacións incorporadas ao padrón os interesados poderán interpor recurso de reposición ante a Alcaldía, segundo o artigo 14.2 do Texto Refundido da lei reguladora das facendas locais, no prazo dun mes, desde o día seguinte ao remate da exposición ao público do padrón. Contra a desestimación do recurso poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses dende a notificación da resolución expresa ou de seis meses dende que se produza a desestimación presunta.

Respecto á repercusión do canon da auga, poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico administrativo da Xunta de Galicia no prazo dun mes, desde a publicación deste anuncio, de conformidade co establecido no artigo 49.7 do Decreto 136/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

O prazo de cobro en período voluntario será de dous meses desde o fin do prazo de exposición pública.

Advírtese que a falta de pagamento no período voluntario supoñerá a iniciación do expediente de prema para o ingreso da débeda, devindicando desde ese momento as recargas executivas do artigo 28 da Lei Xeral Tributaria.

Respecto ao canon da auga, advírtese que a falta de pago no período voluntario sinalado supoñerá a esixencia deste directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento, pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido no artigo 49.7 do Decreto 136/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Rianxo, 5 de DECEMBRO de 2022

Adolfo Muíños Sánchez,

Alcalde do Concello de Rianxo

2022/7720